

Caderno para 5º e 6º  
de Educación Primaria

**“Meu Castelaio”**

**Edita: Museo de Pontevedra**

**Texto, diseño e maquetación: Dpto de Educación do Museo Pontevedra.**

Centralita: +34 986 80 41 00

Extensions do Departamento de Educación: 42413 e 42416

E-mail: [educación.museo@depo.es](mailto:educación.museo@depo.es)

<http://www.museo.depo.gal>

## *Meu Castelao*


Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950) está considerado un dos maiores referentes da cultura galega do século XX. Por vocación foi un grande artista que destacou como debuxante, pintor e gravador, e tamén como escritor en lingua galega e político.

Profesionalmente tamén foi médico, funcionario de Estatística e profesor de Debuxo.

Amante da súa terra e das súas xentes, foi un fiel defensor dos dereitos das labregas e labregos e mariñeiras e mariñeiros e dos intereses xerais do pobo galego. A súa vida transcorreu en diferentes lugares que deixaron pegada no seu sentir. Este foi o caso de Pontevedra, onde viviu vinte anos, participando na fundación do museo que hoxe estas a visitar, o Museo de Pontevedra.

*“Todo, todo, pode acabarse en min,  
menos o amor que sinto por Pontevedra”*

(Fragmento da súa carta *Meu Pontevedra*, 1947)



*Nacín en Rianxo en 1886 no seo dunha familia humilde. Estudei Medicina en Santiago de Compostela e alí coñecín a Vírxinia, a miña compañeira inseparable.*

*Neses anos mozos espertou a miña vocación como pintor, debuxante, ás que se unirían máis tarde a de escritor e a de político.*

# 1

## Castelao artista

A paisaxe é unha das claves na obra de Castelao na procura das raíces, a esencia e a identidade galegas. En moitas ocasións é a principal protagonista das súas obras.



1. Busca na primeira sala unha obra de gran formato onde as protagonistas son as persoas invidentes e a paisaxe galega. Marca cun **X** os elementos arquitectónicos que vexas:

 Pazo Cruceiro Ponte Hórreo Rañaceos Dolmen Castelo Ermida

1

Castelao artista



2. Atopa as sete diferencias



# 1

## Castelao artista

3. Observa os debuxos en cor que Castelao chamou “estampas” e responde:

■ Cal é o título da estampa onde aparece un neno cos ollos pechados?  
Que está abrazando?

---

---

---

---

■ Cal é o título da seguinte estampa?

---

---

---

---



■ Observa as distintas cartelas e escribe a técnica que Castelao empregou para realizar esta serie de estampas.

---



Castelao pintou un burriño na tapa da súa caixa de pinturas. É un animal que introduce en varios dos seus debuxos e relatos.

No seu libro titulado *Cousas* Castelao dedícalle o conto “O burriño que non bulfa nin chisco”. Reflexiona sobre o que quere dicir o seguinte fragmento:



*“Os homes non queren ser burros; quixeran en troques seren leóns, tigres, lobos (...) Somos amigos dos probes, amparo dos mendicantes; temos levado no lombo a Noso Señor e San Francisco de Asís: pero non levamos ningún guerreiro. A paz virá cando os homes todos queiran ser burros”*

# 1

## Castelao artista

4. Serías quen de debuxar o teu propio burriño? Pódeste inspirar no de Castelao, facer outro distinto ou debuxar outro animal co que te identifies.



Castelao foi un gran caricaturista, que defendeu este tipo de arte en conferencias e distintos escritos. En 1909 escribiu *Algo acerca de la caricatura* e empregou este autorretrato na portada da publicación.

As súas caricaturas fóronse simplificando, na procura de trazos máis esenciais da composición, da caracterización dos personaxes e da supresión do inexpressivo.



5. Fíxate na imaxe. Que cores ves?

---

---

---

6. Marca cun X os elementos que faltan na súa autocaricatura:

Boca

Orelas

Ollos

Nariz

Pes

Pestanas

Cellas

Dedos

# 2

## Castelao. Preocupacións sociais e políticas

### O ÁLBUM NÓS

Castelao accedeu ao mundo da ilustración empurrado non só por inquedanzas artísticas, senón tamén sociais e políticas.

O **Álbum Nós** é un conxunto de 51 debuxos que Castelao fixo entre **1916 e 1918**, e que foron publicados nun só álbum en 1931.

Foi nesta época cando Castelao comezou a desenvolver un tipo de arte comprometida desde o punto de vista social e político.



*"A arte para min non foi máis ca un elemento, un recurso, un medio de expresión, e co lapis ou a pluma só quixen ser un intérprete fiel do meu pobo, das súas dores e das súas esperanzas"*



7. Fíxate nos textos que acompañan os debuxos do *Álbum Nós* e escolle un exemplo no que apareza representado algún destes problemas: a pobreza, a emigración, a inxustiza, o abuso de poder...

---

---

---

8. Todos estes debuxos están feitos cunha grande intencionalidade crítica.

■ Agora presta atención ás sombras dos debuxos e fíxate nalgún dos rostros dos protagonistas. Crees que son realistas ou idealizados?

---

---

---

# 2

## Castelao. Preocupacións sociais e políticas

### ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

Castelao tamén foi político e como deputado defendeu nas Cortes o Estatuto de Autonomía de Galicia en 1936, un pouco antes do estalido da Guerra Civil.

9. Observa o seguinte cartel que Castelao ideou en defensa do Estatuto de Autonomía e responde:

■ Como vai vestido o home? \_\_\_\_\_

---

---

■ Que fai a muller? \_\_\_\_\_

---

---

■ Que cres que representa? \_\_\_\_\_

---



# 3

## Castelao escritor

Castelao escribiu en lingua galega relatos curtos, ensaios, discursos, unha obra de teatro e unha novela. Ademais, foi o ilustrador da súa obra literaria, a excepción de *Retrincos*, e realizou algúns dos carteis que anunciaban as súas publicacións.



10. Pon un exemplo dun cartel deseñado no que se anuncie un libro ou un xornal

---

---

11. Busca esta imaxe e pescuda o nome dos protagonistas da súa novela *Os Dous de Sempre*.

---

---



Aquí podes ver unha das ilustracións que se corresponden cun dos seus relatos de *Cousas*.

12. Escribe o título do debuxo \_\_\_\_\_

---

---

---

*"O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traixe de festeiro [...] Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban en busca do pai ensñado [...] E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazando a súa nai. Era un home que non se parecía ó do retrato, un home moi fraco, metido nun traixe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho [...] Aquel si que era o pai de Migueliño".*



# 4 Castelao e a Guerra Civil

Cando comeza a Guerra Civil Castelao pon a súa arte ao servizo da súa ideoloxía política.

Os álbums de Guerra son tres series de debuxos, nos dous primeiros Castelao mostra toda a crudeza da Guerra.

13. Une cada debuxo co seu álbum correspondente:



ATILA EN GALICIA



GALICIA MÁRTIR



MILICIANOS

# 5

## Castelao no exilio

### DEBUXOS DE NEGROS

Fuxindo da Guerra Civil Castelao vai ficar a vivir na Arxentina, pero antes pasa un tempo en Cuba e Nova York.

Durante a súa estadía na illa cubana en 1939 realizará os *Debuxos de negros*, nos que representa a cultura e os bailes da cultura afrocubana.

- 14. Cantos instrumentos atopas representados neles?
- 15. Serías quen de nomear algún?





### OS MEUS COMPAÑEIROS

No ano 1941, en Bos Aires, Castelao debuxa a serie *Os meus compañeiros*, onde Galicia e as persoas invidentes seguen a estar presentes no seu pensamento. Castelao morrerá na Arxentina en 1950.

16. Observa estes debuxos e contesta

■ Cantos debuxos compoñen esta serie? \_\_\_\_\_

■ Que teñen en común as personaxes representadas?

---

---

---

---

# 6

## Castelao e o teatro

Castelao ao longo da súa vida realizou diferentes propostas vencelladas ao mundo das artes escénicas (teatro e danza).

Xa desde os seus anos de estudante se interesou polo teatro, aínda que as súas ideas sobre este mundo culminarán na obra *Os vellos non deben de namorarse*, estreada en Bos Aires (Arxentina) en 1941.

Ademais dos textos, realizou as composicións musicais, debuxou os figurinos, a escenografía e tamén as máscaras que debían levar as actrices e os actores para a súa posta en escena.



17. Escribe debaixo de cada máscara a expresión que cres lles corresponde entre as seguintes: RISO, SORPRESA ou ENFADO



## PASA o TEMPO

19. Imaxina e ponlle un título inventado a cada un destes debuxos:



---

---



---

---



---

---



---

---

Triptico cegos diferencias





DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



MUSEO  
PONTEVEDRA